


VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 2022

"Vila de Cruces no tempo"

CEIP PLURILINGÜE NOSA
SEÑORA DA PIEDADE



Busca na túa casa fotografías antigas onde se vexa algunha zona do teu pobo ou aldea (plaza da igrexa, campo da festa, lavadoiro, algunha rúa...). No caso de non atopar ningunha impresa podes busca-la en libros ou revistas relacionadas con Vila de Cruces pedindo axuda aos teus pais/nais ou na biblioteca do Concello. Escolle a que che guste máis ou che pareza interesante.

1º

Desplázate ao lugar da fotografía escollida coa túa cámara e tira varias actualizadas procurando igualar a perspectiva e orientación da foto antiga. (Que se vexa o mesmo en ambas fotografías)

2º





Carga as dúas fotos (a antiga e a actual) no apartado do concurso da aula virtual / edixgal.

(Para isto é preciso escanear a fotografía antiga, no caso de non poder facelo podes traela ao centro e escaneámola aquí).

Indica no texto de envío o nome do lugar, praza ou rúa fotografiada.

3º





Bases do concurso:

- **TEMA do concurso:** VILA DE CRUCES NO TEMPO.
- **PARTICIPANTES:** poderán participar como autores/as das fotografías tódolos nenos/as de Educación Infantil e Primaria deste centro. **SÓ SE PODE PRESENTAR DÚAS FOTOGRAFÍAS POR ALUMNO/A.** (a antiga e a actual)
- **EXCLUSIÓNS:**
 1. Só se admitirán fotos realizadas polos nenos/as: o xurado poderá descartar aquelas nas que se aprecie indicios de que foran realizadas por un adulto.
 2. Non se admitirán fotomontaxes ou fotografías manipuladas máis alá do que se considera un revelado dixital convencional.
 3. As imaxes con lemas ou nomes sobreimpresos tamén serán descartadas.
- **FORMATO E PRESENTACIÓN:**
 1. Formato dixital: dous arquivos por concursante (a fotografía antiga escaneada e a creada por eles mesmos) ambas en formato .jpg
 2. Enviaranse á aula virtual no apartado establecido unicamente para este fin. No texto do envío indicárase claramente: o lema (título) da foto, o cal deberá coincidir co nome do arquivo remitido así como a localización exacta da fotografía.
- **CALENDARIO:** só se admitirán fotografías recibidas ata 15 de maio. As fotografías serán expostas nos corredores do centro.
- **XURADO:** estará integrado por tres persoas entre as que figurarán dous representantes do claustro e un membro do persoal non docente do centro. Os membros do xurado valorarán cada una delas de 0 a 4 puntos. As fotografías gañadoras serán as que maior puntuación obteñan do resultado da suma das tres valoracións.
- **PREMIOS:** Haberá un premio por nivel.
- **CESIÓN DEDEREITOS DAS IMAXES:** A participación neste concurso supón a cesión por parte dos autores das imaxes e/ou titulares legais ao CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade dos dereitos de uso e exposición para fins divulgativos das actividades realizadas no centro escolar.

